XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución de 20 de novembro de 2019 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 15 de abril de 2019, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para o curso 2018/2019.

Con data 15 de abril de 2019, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por sexto ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para o curso 2018/2019.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros públicos non universitarios durante o pasado curso.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no VI Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 6 de novembro de 2019. O xurado declara deserto varios premios previstos nas modalidades 1 (temática científica), 2.a- (temática científica), 2.b- (temática xeral e temática científica) e 2.c-temática científica. Tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acórdase a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 1 (2 premios máis), na modalidade 2.º (temática xenérica, 1 premio máis) e modalidade 3 (1 premio máis), coa redistribución orzamentaria correspondente.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 15 de abril de 2019, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso,

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

recoñecen á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a través deste concurso.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN - DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

ANEXO I

Modalidade	Temática	Centros Premiados	Concello	Provincia	Título	Asign.
1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar	Xenérica	CEIP P. Graxal	Cambre	A Coruña	*Construímos*	2.000 €
		CEIP Milladoiro	Malpica de B.	A Coruña	*O mar que nos dá...!*	2.000 €
		EOI de Lugo	Lugo	Lugo	*FalArte*	2.000 €
		IES P. Aquis Celenis	Caldas de Reis	Pontevedra	*As palabras no Camiño*	2.000 €
		CEIP P. Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	*Puro teatro*	2.000 €
		CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra	*Pinga a pinga, pensa en verde*	2.000 €
	Ciencias	IES Francisco Aguiar	Betanzos	A Coruña	*Betanzos 800 anos*	2.000 €
		CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	*ConCIENCIAte*	2.000 €
		Deserto (1.500€)				
2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel	Xenérica	CEIP O Coto	Negreira	A Coruña	*A voltas por Galicia*	1.500 €
		CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña	*Pontes para coñecérmonos*	1.500 €
		IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	*(A)rroupArte*	1.500 €
	Ciencias	CEIP Quintela	Moaña	Pontevedra	*Proxecto Os Canciños*	1.500 €
		Deserto (1.500€)				
2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento	Xenérica	CEIP P. Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra	*Coidamos do noso para coidar o de todas e todos*	1.500 €
		Deserto (1.500)				
	Ciencias	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	*O xardín das Hespérides*	1.500
		Deserto (1.500)				
2.c Proxectos realizados na materia de 1º /2º de ESO "Investigación e tratamento da información" ou noutras materiais equivalentes en ESO ou primaria	Xenérica	IES Valadares	Vigo	Pontevedra	*Youtubers por un día*	1.500 €
		Deserto (1.500€)				
	Ciencias	*Deserto (1.500€)*				
3. Proxectos de investigación intercentros	Xenérica ou científica	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	*"Pegadas na iauga". Patrimonio inmaterial: a semente*	1.500 €
		IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	*"Pegadas na iauga". Patrimonio inmaterial: a semente*	1.500 €
		CEIP de Santiago de Oliveira	Ponteareas	Pontevedra	*Xogamos?*	1.500 €
		CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	*Xogamos?*	1.500 €